ROTEIRO DA

PONTE DOS CABALOS

DESCRICIÓN DO ROTEIRO

O certo é que as pedras poden falar. Temos que aprender a escoitalas. Nesta andaina a pedra é a protagonista. Se prestamos atención á linguaxe das pedras que atoparemos neste percorrido, coñeceremos algo máis da nosa historia, da beleza dos nosos montes, da arte que extraeron dos penedos os canteiros en forma de igrexas románicas, petos de ánimas e cruceiros, e tamén balados, calzadas e pontes.

Unha vez máis comezaremos a andaina na praza da igrexa en Lalín. Partiremos do quilómetro cero e baixaremos ao paseo pontiñas. Desta vez iremos río arriba ata o lago do auditorio. Despois pasaremos por debaixo da rolda leste e iremos de camiño en camiño pasando pola que foi a antiga reitoral da extinguida parroquia da Pena. Xa en Lalín de Arriba iremos cara Alfonselle remontando o curso alto do río Pontiñas. Chegaremos ao Campo do Malato onde está unha lousa que formou parte dunha das moitas mámoas que houbo por alí.

No cruce dos cinco camiños iremos un anaquiño polo Camiño de Inverno para logo desviarnos cara A Veiga (quilómetro 13). Pasaremos por diante do peto de ánimas e baixaremos ao río que cruzaremos por unha pontella. Seguiremos ata Carballeda entre rochedos (quilómetro 16). Dende alí continuaremos cara Alperiz entre canteiras. Pasaremos pola igrexa románica de Alperiz e por un fermoso camiño chegaremos xusto diante da mámoa da cruz, visitaremos tamén o altar do sol.

O roteiro continuará despois polo cruceiro e a igrexa de Parada para baixar pola antiga calzada ata a Ponte dos Cabalos. Esta ponte medieval sobre o río Arnego está nun entorno natural especialmente fermoso. Río arriba hai un muíño e unhas illas, pero o roteiro pode rematar de xeito marabilloso indo río abaixo e subindo ata Parada preto do seu Castro (quilómetro 21).

MAPA


Ponte dos Cabalos
Parada
Carballeda
Alperiz
A Veiga
Campo do Malato
Lalín

DATOS TÉCNICOS

Viarum dezae

Roteiros de Lalín

Roteiro da Ponte dos Cabalos.

DOMINGO DIA 20 DE MARZO DE 2016.

HORA 9:00 CONCENTRACIÓN NA PRAZA DA IGREXA
HORA 9:30 SAÍDA DENDE LALÍN. COMEZO DA ANDAINA

Percorrido curto Lalín-Carballeda:

- Distancia 13 quilómetros
- Dificultade baixa
- Duración 3 horas (9:30 a 12:30)
- Percorrido Lalín, Lalín de Arriba, Campo do Malato, Cruce dos cinco camiños, A Veiga, Carballeda. Retorno en autobús dende Carballeda.

Percorrido medio Lalín-Alperíz:

- Distancia 16 quilómetros
- Dificultade media
- Duración aproximada 4 horas (9:30 a 13:30)
- Percorrido Lalín, Lalín de Arriba, Campo do Malato, Cruce dos cinco camiños, A Veiga, Carballeda, canteiras de Alperíz, Alperíz, Igrexa de Alperíz, Altar do Sol. Retorno en autobús dende Alperíz.

Percorrido longo:

- Distancia 21 quilómetros
- Dificultade alta
- Duración aproximada 5 horas (9:30 a 14:30)
- Percorrido Lalín, Lalín de Arriba, Campo do Malato, Cruce dos cinco camiños, A Veiga, Carballeda, canteiras de Alperíz, Alperíz, Igrexa de Alperíz, Altar do Sol, Igrexa de Parada, Ponte dos Cabalos, Parada. Retorno en autobús dende Parada.

Recomendacións:

- Non apto para menores de 12 anos.
- Calzado de monte e roupa de abrigo e chuvasqueiro.
- Levar avituallamento sólido e líquido.
- Autobús para retornar a Lalín dende o lugar escollido (3 €)

Inscricións en internet, pavillón Lalín Arena e Concello.
http://www.lalin.org/concellerias/turismo/movete

ROTEIRO DA PONTE DOS CABALOS

CURSO ALTO DO RIO PONTIÑAS

O paseo do río Pontiñas é sempre moi boa opción para dar comezo a moitos roteiros pois vainos permitir unha vez máis facer a saída dende o centro de Lalín sen pisar o asfalto.

Nesta ocasión o roteiro irá cara o lago do auditorio, para xa dende alí adentrarnos nos camiños. Además esta primeira parte do roteiro vainos permitir admirar a beleza das carballeiras e dos camiños que van paralelos aos regatos que veñen da parte de Alfonselle para xuntarse co río Pontiñas no seu curso alto. O Pontiñas segundo a cartografía consultada, ven recollendo augas dende Casas Novas, Cáceme e Bailás. Polo seu lado esquerdo no sentido do curso de auga, vai recibindo regatos que incrementan o seu caudal confluindo todos eles no lago do auditorio.

Escoitaremos o son dos regatos mentras imos entre carballeiras e vexetación de ribeira disfrutando dos primeiros quilómetros deste fermoso roteiro.

Pasaremos moi preto dos lugares de Reboredo e Alfonselle. Pero a nosa andaina continuará en ascenso por bonitos sendeiros ata chegar as fincas de Valiño, xa por riba dos lugares de Casares e Palmaz.

ROTEIRO DA PONTE DOS CABALOS

A PARROQUIA DE A PENA

O roteiro pasa polo que foi San Cristovo da Pena, unha das antigas parroquias da xurisdicción de Deza ata a metade do presente século, no que pasaría a formar parte de Xaxán, anexa a Goiás. San Cristobo da Pena comprendía aínda no ano 1950 os lugares de Carragoso, Corredoira, García Sánchez, Xaxán, A Pena, O Souto e Feás, convertidos hoxe en prolongación urbana de Lalín.

A súa igrexa parroquial erguíase no lugar coñecido como O Cotiño, á beira do río Pontiñas. Nada queda daquela igrexa primitiva, a non ser un sepulcro labrado nunha pena, que dende sempre os veciños coñecen como a tumba celta.

O crecemento da vila motivou a desaparición da parroquia. Os lugares de Feás, Corredoira, García Sánchez e Carragoso de Abaixo pasaron á parroquia de Lalín e os demási, co casarío da Barreira, formaron o anexo de Santa María de Xaxán. Perdura a denominación da Pena nun pequeño núcleo de poboación á beira da estrada de Lalín a Lugo.

Bibliografía: “A Comarca do Deza”. Daniel González Alén y Armando Vázquez Crespo.

ROTEIRO DA PONTE DOS CABALOS

CAMPO DO MALATO

Debido a que este roteiro pasa moi próximo a el, non podemos deixar de citar nin de falar do conxunto de xacementos arqueolóxicos do lugar chamado Campo do Malato.

No chamado cruce dos cinco camiños, nesta ocasión iremos en dirección leste polo Camiño de Inverno. Pero indo en dirección a Goiás e moi preto dos nosos pasos están os lugares onde se produciu o achado de diversas lousas con arte megalítico, no lugar de Fonte Tourón no chamado Campo do Malato.

No contexto dos traballos arqueolóxicos previos á execución dunha obra (unha liña eléctrica de media tensión), localizáronse unhas lousas con gravados na zona de Fonte Tourón, en Lalín. Trátase dunhas lousas que presentan uns gravados de estilo propio do megalitismo e que agora forman parte dos lindes das fincas nas que se atopan. As características destes gravados, sumado á propia forma das pedras, a un contexto onde se localizan outras mámoas e sobre todo, á información dos veciños que vinculan estas pedras cunha mámoa desfeita fai uns anos, apuntan a que formaron parte dun monumento megalítico, e que moi probablemente se trata dos esteos dunha cámara.

Bibliografía: Achado dunhas lousas con arte megalítico en Fonte Tourón. Laboratorio do Patrimonio, Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento CSIC

ROTEIRO DA PONTE DOS CABALOS

A VEIGA, PETO DE ANIMAS

Os petos de ánimas son sinxelos monumentos populares que están asociados a idea do purgatorio. Teñen tres partes que son o pedestal, o retabro e a cruz. Os historiadores datan a súa aparición nos séculos XVII e sobre todo no XVIII.

A finalidade dos petos de ánimas é ofrecer limosnas de todo tipo ás ánimas do purgatorio para que poidan alcanzar o ceo; en compensación, unha vez liberadas, éstas intercederán por quenes realizaron as ofrendas. As limosnas non eran necesariamente monetarias, e tamén podían ser produtos agrícolas ou gando. Veñen sendo unha mostra da influenza da igrexa sobre a mentalidade popular, e así en Galicia aparecen estratéxicamente na beira dos camiños ou en encrucilladas e tamén nas prazas das aldeas, expoñendo de xeito gráfico e duradeiro o dominio da igrexa sobre a poboación.

O peto de ánimas da Veiga é o único caso que se coñece en Galicia dos chamados “petos eucarísticos” por ser o cáliz e maila hostia a única representación gráfica do retabro.

Tamén son de salientar na Veiga a igrexa e sobre todo o cruceiro que data do ano 1855. Aínda que este roteiro continúa polo río da Veiga en dirección a Carballeda, se houbese tempo sería interesante visitalos.

ROTEIRO DA PONTE DOS CABALOS

IGREXA ROMÁNICA DE ALPERÍZ

A igrexa de Alperiz é do século XIII. Aínda conserva a portada, varios canzorros e algún elemento do interior. Perdeuse a ábsida románica e unha figura pétrea de San Pedro que ao parecer presidía o altar. Unha doazón ao mosteiro de Oseira no 1247 fala de Sancti Petri de Alperiz.

2. A IGREXA ROMÁNICA DE ALPERIZ (LALIN)

Antonio Presas

1. SITUACION

A igrexa románica de Alperiz está situada ao Leste do lugar de Alperiz, aldea que pertence á parroquia de Santa María de Parada desde o arranxo docesano de 1891. Daquela quedou suprimida a San Pedro de Alperiz como anexa de San Lourenzo de Muimenta.

2. HISTORIA

Non se teñen atopado documentos referentes a súa fundación pero, no Tumbo de Santa María de Oseira (Arquivo Histórico Nacional) aparece unha relación de varias iglesias que, xuntamente con Alperiz, donan en testamento, no ano 1247, unha parte do seu territorio ao mosteiro de Oseira (".. *et eclesia Sancti Petri de Alperiz*"). Esta referencia ven a indicarnos que a mediados do século XIII xa existía esta igrexa.

3. DESCRICION

Templo de **estilo románico**, de pequenas dimensións (*modelo rural románico*), parcialmente modificado trala ampliación que se realizou no ano 1846, ao substituir o ábside primitivo por outro moderno, alongando considerablemente a nave. O novo ábside ten o ancho da nave e na súa construcción aproveitáronse os sillares do antigo, segundo se pode apreciar nas numeracións que aparecen marcadas na cara exterior do templo. Desde o punto de vista constructivo aprecianse notables diferencias entre a construcción antiga e a moderna, especialmente polo lado meridional, ao empregar sillares de diferentes tamaños que rompen a liña das filas

A **fachada occidental** remata nunha espadana moderna (1846) permanecendo o resto da mesma inalterada. A porta principal remata nun arco lixeiramente apuntado formado por dous pares de dovelas de diferente tamaño. As dovelas exteriores, aplanadas e con decoración en axedrezado, conectan cos sillares da fachada e as interiores están molduradas. O tímpano, de aspecto practicamente liso, apoiado sobre dúas mochetas e construído nunha soa peza está coronado por un arco de reforzo. Polos laterais atópanse dúas columnas rematadas en capiteis entregos (forman parte da parede), con decoración vexetal, empotrados no muro e servindo de soporte ao arco.

No **muro meridional** atópase unha porta sen arquivoltas e cun lintel semellante ao tímpano da porta principal, sostido por dúas mochetas. A cornixa ou aleiro está sostida por canzorros (cabeza das vigas que sobresae no exterior) e algúns deles están decorados con cabezas humanas. A existencia de dous soportes empotrados na parede fai supoñer que, adosado a este muro de solaina, debeu existir un alpendre (aleiro sainte).

O **muro norte** presenta unha saeteira cara a parte central e tamén está rematado por 12 canzorros con diversas decoracións, algunhas delas dentadas.

A **nave** tiña catro saeteiras, unha en cada muro, para a súa ventilación e no seu interior os muros están encalados. Na cabeceira da nave primitiva atópase o arco triunfal formado por dúas arquivoltas. A arquivolta exterior descansa sobre dúas columnas rematadas en capiteis decorados con tres grandes follas con bolas no envés. Arredor da nave houbo un banco de pedra que na actualidade quedou enrasado coas lousas do pavimento. Ao traspasar a porta principal existe unha pequena tribuna de madeira que permitía aumentar a cabida de persoas en cerimonias multitudinarias.

En resume. A forma do tímpano, o tipo de aleiro, o apuntamento do arco e as decoracións vexetais indican que se trata dun edificio tardío de finais do século XII ou comezos do XIII.

ROTEIRO DA PONTE DOS CABALOS

MÁMOAS DE ALPERIZ

O conxunto megalítico de Alperíz está integrado, entre outras, polas chamadas “Mámoas da Cruz”. As Mámoas da Cruz están formadas por seis túmulos máis o nomeado como Altar do Sol, que pode verse na fotografía superior. Dos sete elementos deste conxunto, na actualidade perviven únicamente tres. Este conxunto está catalogado coma BIC.

A Mámoa da Cruz amosa un gran túmulo de terra duns 20 metros de diámetro no que se poden ver 5 esteos que sobresaen da cámara. Un esteo que se atopa tirado na superficie, que que ben podería ser parte da tapa da cámara, presenta un rebaixe cúbico, duns 20 centímetros de lado, que o máis probable é que fora o apoio da base do fuste dun cruceiro a modo de cristianización do monumento megalítico. O terreo no que se atopa está adicado a actividade forestal polo que perviviu aos traballos agrícolas.

O chamado Altar do Sol pola veciñanza, foi recentemente obxeto dunha pequena excavación. Os arqueólogos nunha charla explicativa indicaron que a xente o chamaba así seguramente polas cavidades naturais no chan da cabeceira que fixo pensar en cultos henoteistas. Consérvase ben a cámara pero o túmulo está bastante arrasado. Conclúese que estariamos ante un dolmen de tamaño monumental.

Na terceira mámoa que se atopa no cruce da estrada, podemos ver un gravado con motivos serpentiformes que estarían na liña nos atopados noutros lugares próximos como no Campo do Malato en Goiás.

ROTEIRO DA PONTE DOS CABALOS

PARADA, IGREXA E CRUCEIRO

O nome de Parada alude a un alto no camiño real antes da ponte dos cabalos ou despois de atravesala. Tamén fai referencia a “parata” ou imposto que debía de pagarse para pasar pola ponte, neste caso a Ponte dos Cabalos. A igrexa parroquial parece que tivo outro emprazamento distinto ao actual preto do Castro de Parada. A torre do campanario é de mediados do século pasado. Preto da igrexa está a que fora a taberna do arrieiro e un pouco máis abaixo a chamada casa de Val habitada por cregos. O Castro de Parada é de gran tamaño e os recintos fortificados están protexidos polo val do río Asneiro.

Un home de parada de Alperiz, despois de perder gando por consecuencia dunha epidemia, foi consultar cunha pitonisa a orixe dos seus males. Esta muller díxolle que a desgracia lle viña polo mal de ollo dunha meiga que supostamente vivía nas proximidades e que a recoñecería se identificara a muller que ao seguinte día de misa entrase primeiro pola porta. Bárbara García, de Parada de Alperiz foi a primeira en entrar na igrexa. O veciño denunciou o feito ao cabecilla carlista Villanueva. Sen proceso nin sentencia, Villanueva aplicoulle o castigo a aquela pobre muller, que foi atada de pes e mans a catro cabalos e espoleados con viveza arrancaron en distintas direccións, desmembrando a pobre infeliz e causandolle unha morte atroz (Francisco Vilariño, Reseña Histórica del Condado de Deza editada por Armando Vázquez).

ROTEIRO DA PONTE DOS CABALOS

PONTE DOS CABALOS

A Ponte dos Cabalos é unha ponte medieval que serve para cruzar o río Arnego e comunica as dúas beiras deste río entre os lugares de Parada, no Concello de Lalín, e Gurgueiro, no Concello de Agolada.

Esta ponte, hoxe case esquecida, foi en tempos un paso estratéxico. Ata ela chegaba un camiño empedrado, que aínda hoxe se pode ver en varios tramos. Na Ponte dos Cabalos concorrían un camiño que procedía da Ponte de Pedroso e outro de A Veiga e que pasada a ponte, bifurcábase, seguindo un ramal a Gurgueiro e Ventosa e outro a Ferreiroa e Agolada.

En canto a data de construcción, menciónase a existencia dunha inscrición nun sillar da ponte que parece ser que foi tirado ao río. A inscrición decía ErA DCCCLXXX, ano 970. A ponte pertence a época doutras pontes medievais como a Ponte de Vilariño feita no ano 814 e Ponte Taboada que data do ano 912.

Trátase dunha ponte de pedra con dous ollos. Os apoios da mesma son tres, estando un deles sobre un rochedo central. En épocas de moito caudal discórre o río polos dous ollos da ponte. No verán soamente polo más grande deles. Sobre estes apoios vai a ponte en horizontal, de beira a beira do río. Aínda parece ter bastante solidez, pero varios perpiaños da ponte xa caeron ao río, entre eles o que contiña a inscrición fundacional. Polo lado de Lalín aínda se perciben restos da calzada, pero na beira de

Agolada unha desafortunadísima intervención no ancheamento dunha pista fixo que se perderan restos da calzada.

No blog de Manuel Busto Galego, Aquam Latam, menciónase a existencia nas proximidades de pedras que podían ser apoios relacionados co pago do pontádego para pasar por esta ponte.

A toponimia tamén pode indicar algo ao respecto. A Ponte dos Cabalos está preto do lugar de Parada. O nome desta aldea pode vir dun alto que se facía no camiño neste lugar. Tamén hai autores que din que termos como Parada ou Paradela refírense a lugares dos camiños onde se pagaba a “parata” ou imposto do portazgo. Sería un pago polo dereito de paso, un tributo real subrogado que gravaría as persoas e mercadorías que pasaran pola ponte. Os encargados do cobro por delegación rexia serían os señores dos castelos, fortalezas, pazos e a nobreza que estarían encargados da vixianza, seguridade e custodia dos camiños. Estarían exentos de pago os peregrinos, os monxes, os homes santos dos señoríos monacais, os estudantes e os posuidores de privilexios reais. Tamén estarían exentas determinadas mercadorías, materiais de traballo e bens de consumo propio. Non estarían eximidos do pago nin os cregos nin os cabaleiros.

A Ponte dos Cabalos tivo especial importancia nas guerras carlistas. Así no ano 1835 o isabelino Tizón defendeuse na ponte no lado de Lalín resistindo o ataque de 300 homes dirixidos polo cabecilla Saturnino, que fora monxe en Monforte (fonte Reseña Histórica del Condado de Deza escrita por Francisco Vilariño). No ano 1837 o Tenente Coronel Rafael de la Torre mandando dez homes batiuse co cabecilla carlista Villanueva matando a dous dos seus homes e incautandolle armas e munición (Blog Aquam Latam).

Pero ademáis o entorno da ponte é de unha fermosura singular. Río arriba podemos atopar unha serie de illas fluviais ás que se accede por unha pontella. Tamén hai un muíño que aínda pervive ao paso do tempo. Trátase dun lugar con gran biodiversidade no que a flora e fauna se refire. Unha auténtica beleza.

A recuperación deste enclave solicitada por moitas persoas e colectivos segue estando pendente. Os valores arquitectónicos, naturais e paisaxísticos xustifican sobradamente o esforzo necesario para a posta en valor e divulgación deste lugar, un dos máis fermosos de Lalín.

Bibliografía:

“A Comarca do Deza”. Daniel González Alén e Armando Vázquez Crespo.

“Lalín. La tierra de Deza”. Armando Vázquez Crespo. Editorial Everest S.A.

“Reseña histórica del condado de Deza”. Francisco Vilariño. Edición de Armando Vázquez.

Inventario de cruceiros de Lalín. Cecilia Doporto.

Achado dunhas lousas con arte megalítico en Fonte Tourón. Laboratorio do Patrimonio, Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento CSIC.

Patrimonio galego.

http://patrimoniogalego.net/index.php/77051/2015/08/altar-do-sol/

http://patrimoniogalego.net/index.php/76978/2015/08/mamoa-da-cruz-1-do-grupo-mamoas-de-parada-1-41/

http://patrimoniogalego.net/index.php/77001/2015/08/mamoa-da-cruz-2-do-conxunto-mamoas-de-parada-1-41/

BANGO TORVISO, ISIDRO GONZALO (1979): *Arquitectura Románica en Pontevedra*. Fundación Pedro Barrié de la Maza.

Blog Aquam Latam Manuel Busto Galego.

Blog aopedofarelo Angel Utrera Baza.

AURORA GONZÁLEZ AREÁN (2008): *A Ponte dos Cabalos: Un espazo natural e paisaxístico abandonado.* Anuario de Estudos e Investigación nº10.